



XUNTA DE GALICIA

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E A ASOCIACIÓN DE PAIS, PROFESIONAIS E AMIGOS DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELLECTUAL (**SPECIAL OLYMPICS GALICIA**), PARA O MANTEMENTO E A PROMOCIÓN DA INTEGRACIÓN SOCIAL DIRIXIDA ÁS PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELLECTUAL DE GALICIA E ÁS SÚAS FAMILIAS MEDIANTE A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS ADAPTADAS, OCIO, FORMATIVAS E DE PROMOCIÓN DO VOLUNTARIADO DURANTE O ANO 2017

Santiago de Compostela, **23 MAI. 2017**

REUNIDOS


Dunha parte:

D José Manuel Rey Varela, conselleiro de Política Social, nomeado polo Decreto 148/2016, do 13 de novembro, en uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, no Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, no Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social, e no establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, (DOG nº 82, do 30 de abril de 1991).



Doutra parte:

Don Eladio Fernández Pérez, con D.N.I. nº 34.242.673-C, que actúa en nome e representación da Asociación de Pais, Profesionais e Amigos de Persoas con Discapacidade Intelectual, en diante (**SPECIAL OLYMPICS GALICIA**), con CIF nº G15771777, en virtude da súa condición de Presidente dela.



Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que para convir no nome das entidades que representan teñen conferidas





EXPOÑEN

I. Que as Administracións Públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras administracións ou entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas ao abeiro do disposto na Lei de contratos do sector público.


II. Que a Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o establecido no artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia, en consonancia coa habilitación competencial outorgada ás Comunidades Autónomas polo artigo 148.1.20 da Constitución española, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social, polo que, na súa virtude se aprobou a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

III. Que a Consellería de Política Social é o departamento da administración autonómica ao que lle corresponde as competencias en materia de servizos sociais, e consecuentemente a atención do colectivo de persoas con discapacidade, conforme ao Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social.

IV. Que SPECIAL OLYMPICS GALICIA figura inscrita no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co número E-1358, sendo a súa principal finalidade promover estratexias, fomentar e apoiar accións para que os seus membros consigan mellorar a calidade de vida das persoas con discapacidade intelectual para a súa maior integración social.

V. Que SPECIAL OLYMPICS GALICIA ten como obxectivos, entre outros:

- O fomento e organización de actividades de ocio, deporte e cultura, con fins rehabilitadores e terapéuticos, para nenos, xoves e adultos con discapacidade intelectual.
- A atención e promoción das persoas con discapacidade intelectual de Galicia e as súas familias.





XUNTA DE GALICIA

- Mellorar a calidade de vida das persoas con discapacidade intelectual, proporcionándolles os apoios necesarios.
- A realización de actividades físicas e deportivas por parte das persoas con discapacidade intelectual, co obxectivo de mellorar o estado metabólico xeral, corrixir o déficit do aparato locomotor, superar a lentitude na resposta motriz, asegurar as condicións físicas encamiñadas a competición para aumentar a autoestima e reforzar os reflexos provocados polo exercicio, rehabilitar as secuelas de hábitos mecánicos inadecuados e promover as relacións entre os atletas, facilitar a súa integración social e o desenvolvemento autónomo na vida social.
- Colaborar con outras entidades de idénticos ou similares obxectivos.
- Cantas iniciativas poidan estar ao servizo da integración social e o desenvolvemento persoal da persoa con discapacidade intelectual.





Organizar campamentos e actividades de xuventude e familia.

Promocionar o deporte de competición no ámbito das persoas con discapacidade intelectual.

VI. Que actualmente faise preciso establecer medidas de apoio orientadas ao desenvolvemento do tecido asociativo integrado polas entidades de iniciativa social que traballan na atención ás persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento, dada a súa importante labor complementaria á financiada a través dos recursos da Administración pública.

Conforme ao exposto, é do interese da Consellería de Política Social subscribir un convenio de colaboración coa entidade SPECIAL OLIMPYCS GALICIA para contribuír ao financiamento das actuacións relacionadas coa atención a persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento e as súas familias así como co mantemento e actividades.






XUNTA DE GALICIA

VII. Que conforme aos requisitos previstos no artigo 26.2 apartado a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que a desenvolve, SPECIAL OLIMPYCS GALICIA debe ser considerada unha entidade singular en canto a promover a integración social e mellorar a calidade de vida das persoas con discapacidade intelectual e as súas familias a través da realización de actividades de ocio, deportivas adaptadas, voluntariado, familias e formación.

Así mesmo, as actuacións obxecto deste convenio, recollidas na súa cláusula primeira; a súa adecuación ao ámbito competencial da Consellería de Política Social, na Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade, segundo o previsto no 176/2015, de 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social, e no seu artigo 20, onde se describen as competencias da Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade; e as específicas necesidades inherentes ao colectivo ao que van dirixidas, considéranse razóns que acreditan o seu interese social.



Por todo o exposto, as partes comparecentes, na representación que ostentan,


ACORDAN

Subscribir un convenio de colaboración para levar a cabo un programa de atención a persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento e as súas familias e o mantemento de SPECIAL OLYMPICS GALICIA con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. Obxecto

O obxecto do presente convenio é colaborar no financiamento, por parte da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia, do mantemento da entidade e da promoción da integración social e mellora da calidade de vida das persoas con discapacidade intelectual e as súas familias a través da realización de actividades deportivas, de ocio e familias, de formación e culturais de orientadas á familia que ten





XUNTA DE GALICIA

previsto desenvolver SPECIAL OLYMPICS GALICIA no ano 2017, que se detallan no anexo a este convenio.

En virtude deste convenio, SPECIAL OLYMPICS GALICIA comprométese ao desenvolvemento deste programa.

Ditas actuacións serán desenvoltas directamente por SPECIAL OLYMPICS GALICIA, que terá que cumprir os requisitos do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro que a desenvolve.

SEGUNDA. Orzamento

Para o desenvolvemento das actuacións previstas na cláusula primeira deste convenio a Consellería de Política Social aportará **cento oitenta e nove mil novecentos corenta e seis euros (189.946 €)** que serán imputados á aplicación **12.04.312E.481.1** dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017, e que dispón de crédito axeitado e suficiente para dar cobertura económica aos compromisos contraídos en virtude do presente convenio.



TERCEIRA. Obrigas da entidade

SPECIAL OLIMPICS GALICIA deberá cumprir todas as obrigas previstas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e deberá cumprir todos os requisitos necesarios para obter a condición de beneficiario ou entidade colaboradora previstos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; sen prexuízo de todo o anterior, tamén deberá cumprir as obrigas seguintes:

1. Realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
2. Acreditar a realización da actividade, así como o cumprimento dos requisitos ou das condicións que determinaron a concesión da axuda. O cumprimento desta obriga de xustificación realizarase nos termos previstos no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 30 da Lei 38/2003, do 17 de novembro,





XUNTA DE GALICIA

xeral de subvencións, na normativa regulamentaria de desenvolvemento e do disposto nas bases reguladoras ou nos instrumentos de concesión.

3. Someterse ás actuacións de comprobación que deba efectuar o órgano concedinte, así como calquera outra comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais coma comunitarios e achegar canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

4. Comunicarlle á entidade concedinte a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

5. Acreditar, mediante declaración responsable, que se encontra ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten débedas coa Comunidade Autónoma de Galicia.


6. Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos polas bases reguladoras das subvencións, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.

7. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

8. Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

9. Cumprir cantas outras obrigas se deriven da execución deste convenio.

Así mesmo, a entidade deberá cumprir a obriga de subministro de información nos termos establecidos no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno



CUARTA. Documentación

En virtude do disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento; e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu Regulamento, a entidade beneficiaria presentará, con carácter previo á sinatura do convenio, e xunto co programa de actividades a desenvolver no convenio a seguinte documentación:

- **Declaración** comprensiva de tódalas axudas, subvencións solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto ou, de se-lo caso, unha declaración de que non solicitaron outras axudas ou subvencións así como dos ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentase a concesión da subvención.
- **Declaración** responsable, subscrita polo representante da entidade, de non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria de subvencións sinaladas nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- **Declaración** responsable do cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento algunha débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia ou de ser debedor por resolución de procedemento de reintegro.
- **Presentación** dun método de imputación xusto e equitativo de custes indirectos na consecución das actividades obxecto do convenio.



QUINTA. Forma de pagamento

1. Respecto ao pagamento e forma de xustificación da subvención estarase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (BOE nº 276, do 18 de novembro de 2003) e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia





XUNTA DE GALICIA

(DOG nº 121, do 25 de xuño de 2007) e Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu Regulamento (DOG nº 20, do 29 de xaneiro de 2009).

2. Son gastos subvencionables os que cumpren os requisitos fixados polo artigo 29 da Lei de subvencións de Galicia. A estes efectos, considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación que remata o **10 de decembro de 2017**. Así mesmo, considerarase efectivamente pagado o gasto cando se xustifique o pagamento mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados e asinados polo beneficiario. No suposto de que o xustificante do pagamento inclúa varias facturas, deberase xuntar unha relación delas. No suposto de facturas pagadas conxuntamente con outras non referidas ao proxecto subvencionado, a xustificación do pagamento débese realizar sempre mediante a achega do correspondente extracto bancario que irá acompañado dun dos seguintes documentos: relación emitida polo banco dos pagamentos realizados, orde de pagamentos da entidade selada polo banco ou recibín do proveedor. Para gastos de escasa contía por importes inferiores a 1.000 euros poderase aceptar a xustificación do pagamento mediante recibín do proveedor.


3. O libramento farase nunha conta corrente da que sexa titular a entidade beneficiaria, nas seguintes condicións:

- Efectuarase, un pagamento de ata o 80% da totalidade da subvención, con carácter de anticipo a conta da liquidación, unha vez asinado o presente convenio.
- O 20% restante farase efectivo unha vez rematadas todas as actividades do convenio, aportando a documentación prevista na cláusula sétima do convenio.

Para a tramitación das condicións de pagamento previstas nos apartados anteriores, a entidade beneficiaria da subvención queda exonerada da constitución da garantía ao entrar no suposto previsto no artigo 65.4.f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba a regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

SEXTA: Documentación xustificativa

A presentación da **conta xustificativa** levarase a cabo unha vez rematadas todas as






XUNTA DE GALICIA

actividades do convenio, aportando a seguinte documentación, conforme ao previsto nos artigos 48 e 50 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei de subvencións de Galicia:

a) Unha **memoria final das actuacións desenvolvidas** en execución deste convenio, con indicación das actividades realizadas, datas de inicio e finalización das mesmas, resultados obtidos e valoración cualitativa dos mesmos, nº de beneficiarios en cada actividade, e demais aspectos que se consideren relevantes.

b) Unha **memoria económica abreviada xustificativa do custo das actividades realizadas**, que conterà:

- Unha ficha resumo dos gastos de persoal e do resto dos gastos.
- Unha relación clasificada e debidamente agrupada dos gastos, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e data de pagamento. No caso dos gastos realizados con medios ou recursos propios, indicaranse os criterios de repartición dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación.
- Unha relación na que se identificará os apelidos e nome das persoas respecto das que se imputan ao presente convenio gastos de desprazamento derivados de acudir aos servizos que presta a entidade, e na que constarán os días en que se fixeron os desprazamentos obxecto da xustificación, motivo da viaxe e lugar de reunión.
- Especificación das desviacións producidas sobre as cantidades inicialmente orzamentadas.
- Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada obxecto deste convenio, con indicación do importe e a súa procedencia, xa sexa de entes públicos ou privados.
- Os 3 orzamentos que, en aplicación do artigo 29.3 da Lei de subvencións de Galicia no suposto de gastos de importe superior a 18.000 € pola prestación de servizos de consultoría ou asistencia técnica, deba ter solicitado o beneficiario.






XUNTA DE GALICIA

- Se for o caso, a carta de pagamento de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos xuros derivados destes.


c) A **revisión da parte da conta xustificativa** integrada polas facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación a que se fai referencia no apartado anterior e a documentación acreditativa do pagamento será efectuada por un auditor de contas inscrito como exercinte no Rexistro Oficial de Auditores de Contas dependente do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas, designado pola entidade beneficiaria.

A estes efectos, aportarase o **informe da revisión efectuada polo auditor de contas**, que se estenderá á totalidade da conta xustificativa, e que como mínimo deberá deixar constancia dos seguintes extremos:

- Adecuación da natureza do gasto xustificado, tanto en relación ás actuacións subvencionadas en execución do convenio previstas na cláusula primeira, como en relación aos conceptos de gasto considerados como subvencionables especificados na cláusula décimo primeira, con indicación daqueles gastos que non respondan a esta.



- Verificación da relación clasificada e debidamente agrupada dos gastos citada no apartado b), conforme coincide coa documentación xustificativa destes e coa documentación acreditativa do seu pagamento, con indicación dos reparos correspondentes. Conforme ao previsto no artigo 49 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria da subvención deberá marcar cun selo ou sistema similar de marcado, os documentos orixinais xustificantes do gasto, indicando "Subvencionado pola Consellería de Política Social" e se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención, indicando neste último caso a porcentaxe ou contía que se imputa.



- Verificación do cumprimento do disposto na cláusula décimo segunda en relación coas actividades subcontratadas, no seu caso.

- Indicación do importe, desagregado por partidas e global, correctamente xustificado, tanto en relación á xustificación do gasto como do seu pagamento, conforme ás





XUNTA DE GALICIA

previsións contidas nas cláusulas quinta e sexta deste convenio.

- Verificación das desviacións producidas sobre as cantidades inicialmente orzamentadas.
- Verificación do importe global percibido pola entidade como ingresos en concepto de subvencións, tanto de entes públicos como privados, e aplicado o financiamento das actuacións obxecto do convenio, e que este non supera o gasto total xustificado.

A persoa beneficiaria da subvención estará obrigada a pór a disposición do auditor de contas cantos libros, rexistros e documentos lle sexan esixibles en aplicación do disposto no artigo 11.f da Lei de subvencións de Galicia, así como a conservalos co obxecto das actuacións de comprobación e control previstas na lei.



O gasto derivado da revisión da conta xustificativa poderá ter a condición de gasto subvencionable.

En todo caso o prazo para a presentación da conta xustificativa da subvención deste convenio rematará o día 10 de decembro de 2017. A falta de presentación da xustificación no prazo establecido comportará o reintegro da subvención, ou da parte proporcional non xustificada, e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia. Excepciónase desta previsión a presentación da documentación xustificativa do pagamento das nóminas, TC's da Seguridade Social e IRPF correspondentes ao cuarto trimestre, que se presentará mediante adenda ao informe da auditoría, na primeira quincena de febreiro de 2018.

Toda a documentación xustificativa deste convenio deberá ser asinada pola persoa con capacidade de SPECIAL OLYMPICS GALICIA.

SÉTIMA: Incumprimentos, reintegros e sancións.

Producirase a perda do dereito ao cobro total ou parcial da axuda no suposto de falta de xustificación do cumprimento do convenio, dos deberes contidos nestas cláusulas, dos deberes contidos no artigo 33 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, ou na demais normativa aplicable, o que dará lugar á obriga de devolver total ou






XUNTA DE GALICIA

parcialmente a axuda percibida, así como os intereses de demora correspondentes.

O procedemento para declarar a orixe da perda do dereito de cobramento da axuda e para facer efectiva a devolución a que se refire o punto anterior será o establecido no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Incumprimento parcial: sempre que se cumpran os requisitos ou condicións esenciais reflectidos no convenio, a Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade poderá apreciar un incumprimento e deberá resolver sobre o seu alcance, aplicando a mesma ponderación que tivera a condición incumplida no convenio e, se é o caso, establecendo o deber de reintegro.

Cando se trate de condicións referentes á contía ou conceptos do obxecto subvencionable, o alcance do incumprimento determinarase proporcionalmente ao gasto deixado de practicar ou aplicado a conceptos distintos dos considerados subvencionables e, se é o caso, deberán reintegrarse as cantidades percibidas en dita proporción. Con carácter xeral, se o incumprimento superara o 65% da axuda subvencionable do obxecto do convenio, entenderase que dito incumprimento é total, e deberán reintegrarse todas as cantidades percibidas e o seus intereses de demora.




Á entidade beneficiaria da subvención regulada nestas bases seralle de aplicación o réxime de infraccións e sancións previstas no Título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Título VI do seu regulamento.

OITAVA. Inexistencia de relación laboral

SPECIAL OLYMPICS GALICIA queda facultada para designar o persoal necesario para realizar as actividades propostas. A subscrición do presente convenio non leva consigo relación laboral nin contractual algunha entre a Consellería de Política Social e as persoas que realicen as actividades obxecto del, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento del.

SPECIAL OLYMPICS GALICIA asume a responsabilidade respecto do persoal que asume as obrigas de levar a cabo as actividades establecidas no convenio, así como


SPECIAL OLYMPICS GALICIA



aquelas derivadas das relacións contractuais, reservándose as dúas partes contratantes deste convenio o dereito ao exercicio das accións pertinentes tanto resolutorias como indemnizatorias no suposto de paralización dalgunha actividade.

NOVENA. Obrigas de publicidade

De conformidade co disposto na Lei 1/2016 e na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, e coa autorización expresa da entidade beneficiaria, a Consellería de Política Social remitirá os datos necesarios para a súa inclusión e publicidade nos rexistros públicos de axudas. Así mesmo comunicará na súa páxina web oficial os seguintes datos básicos: identificación das partes, importe do financiamento, data da sinatura, finalidade e período de vixencia.



As partes asinantes consenten dar publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente instrumento de colaboración no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).




Este convenio será obxecto de inscrición en cumprimento do establecido no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia. Por outra banda a SPECIAL OLYMPICS GALICIA adquire tamén os compromisos e obrigas de dar a axeitada publicidade do carácter público do financiamento das actividades obxecto do presente convenio, en cumprimento do establecido no artigo 15.3 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e incluír en todas as actividades obxecto do convenio, en lugar visible, a publicidade e información de: **financiado pola Consellería de Política Social.**



DÉCIMA. Protección de datos

As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución deste e de conformidade co disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e a normativa de desenvolvemento. Os datos persoais recollidos na tramitación deste convenio, cuxo tratamento e publicación autorice a persoa beneficiaria, serán incluídos nun ficheiro denominado «Relacións administrativas coa cidadanía e entidades» creado pola Orde do 15 de decembro de 2011, pola que se regulan os ficheiros de datos de carácter persoal existentes nesta consellería.


O órgano responsable deste ficheiro é a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Política Social. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Política Social, mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: Edificio Administrativo San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela, ou a través dun correo electrónico ao seguinte enderezo: sxt.politicasocial@xunta.gal



DÉCIMO PRIMEIRA. Gastos imputables

O importe da subvención destinarase a cubrir os gastos efectivamente realizados pola entidade relativos a gastos de persoal e gastos correntes necesarios para o desenvolvemento das prestacións recollidas na cláusula primeira. A estes efectos, consideraranse gastos subvencionables, conforme ao previsto no artigo 29 da Lei de subvencións de Galicia os seguintes:

- Gastos de persoal: custes salariais e de seguridade social do persoal necesario para a realización da actividade obxecto da subvención ata un límite de 42.000 euros anuais por traballador a xornada completa. As retribucións acomodaranse proporcionalmente á xornada que se desenvolva no caso de que a prestación de servizos sexa a tempo parcial.





XUNTA DE GALICIA

- Gastos de axudas de custo e desprazamentos do persoal imputable ao convenio: deberán ser moderados e limitados (tarifas de transporte económicas, aloxamentos de categoría media, axudas de custo limitadas tomando como referencia as establecidas para a administración pública). Deberá de recollese na fase de xustificación os motivos da viaxe e o lugar de reunión.


- Gastos derivados da xestión e organización de servizos de transporte que a entidade facilite ás persoas beneficiarias directas dos servizos prestados pola entidade e derivados da asistencia aos mesmos que o precisen e demanden; quedan excluídos os gastos que deriven da asistencia a servizos de atención diúrna que contén con financiamento público.

- Gastos en bens consumibles sempre que estean relacionados coas actividades obxecto da subvención ou co mantemento de SPECIAL OLIMPYCS GALICIA, estes deberán ser moderados podendo requirírselle á entidade un informe xustificativo dos consumos realizados, da relación co programa, da razoabilidade das cantidades consumidas e do seu custe.

- Gastos xerais de natureza corrente necesarios para o desenvolvemento do obxecto do convenio: enerxía eléctrica, auga, combustible (se non están incluídos no aluguer), comunicacións, limpeza, seguridade, seguros de responsabilidade civil, seguros de accidentes, conservación do equipamento, auditoría, prevención de riscos, asesoría, renting.....

- O aluguer dos locais nos que se desenvolva a actividade obxecto deste convenio debidamente xustificado, agás aqueles nos que exista unha relación contractual.

- Os financeiros, incluídos os gastos e xuros derivados de créditos bancarios formalizados coa finalidade de dispoñer de efectivo para a realización do obxecto da subvención concedida mentres non sexa aboada pola Administración, de asesoría xurídica ou financeira, gastos notariais e rexistrais e os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado, así como os de administración específicos, se están directamente relacionados coa actividade subvencionada e son indispensables para a adecuada preparación ou execución desta.





XUNTA DE GALICIA

Non se subvencionarán gastos correntes nin de persoal correspondentes a centros asociados a SPECIAL OLIMPYCS GALICIA que teñan relación contractual cunha administración pública, no ámbito das súas competencias estatutarias.

SPECIAL OLIMPYCS GALICIA deberá presentar unha **certificación coa relación daquelas entidades federadas e/ou centros** que teñan subscrito un contrato coa administración pública indicando o obxecto do mesmo e data de subscrición.


En tódolos custos indirectos establecerase e xustificarase a fracción do custo total que se considere imputable á actividade subvencionada segundo a aplicación dun método xusto e equitativo que debe constar por escrito e previamente a realización dos gastos.

A subvención prevista neste convenio é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo total da actividade que vai desenvolver o beneficiario.

DÉCIMO SEGUNDA. Subcontratación

SPECIAL OLYMPICS GALICIA é a beneficiaria directa da subvención obxecto deste convenio, asumindo a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á administración. Non obstante, autorízase a subcontratación da execución total ou parcial de actividades, ata unha porcentaxe do 70 por cento do importe total das actuacións financiadas a través deste convenio, con empresas dedicadas especificamente á promoción e inserción laboral de persoas con discapacidade ou en situación de exclusión social, sempre que estas empresas estean participadas maioritariamente polas entidades de iniciativa social definidas no artigo 30 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, xustificando que





XUNTA DE GALICIA

estas se realizan consonte as condicións normais de mercado. SPECIAL OLIMPYCS GALICIA comunicará, no seu caso, a subcontratación á Consellería de Política Social.

A estes efectos será de aplicación o establecido nos artigos 29 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

DÉCIMO TERCEIRA. Vixencia

O presente convenio estenderá os seus efectos dende a súa formalización e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2017.

Non obstante, as accións englobadas no presente convenio que realizase SPECIAL OLIMPYCS GALICIA dende o 1 de xaneiro de 2017 tamén poderán ser subvencionadas ao seu abeiro coa achega da Consellería de Política Social.




DÉCIMO CUARTA. Comisión de seguimento

Constitúese unha comisión mixta de seguimento composta por dous representantes designados pola entidade beneficiaria e dous representantes da Consellería de Política Social, para levar a cabo o seguimento e avaliación das accións previstas no presente convenio.

Esta comisión, a presidencia da cal a ostentará un dos representantes da administración, reunirase cando así o solicite algunha das partes.

DÉCIMO QUINTA. Réxime xurídico

Lei de contratos do sector público para resolver as dúbidas ou lagoas que puidesen presentarse; no disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu Regulamento.





XUNTA DE GALICIA

A administración gozará de todas as prerrogativas inherentes á natureza administrativa do convenio.

As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación e resolución serán resoltas pola Consellería de Política Social poñendo os seus acordos fin á vía administrativa, cabendo contra elas recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes ante o mesmo órgano que ditou a resolución, se a resolución fose expresa, ou tres meses se se tratase dun acto presunto, segundo o previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; ou poderá interpoñerse directamente recurso contencioso - administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación do acto que poña fin á vía administrativa, se fose expreso. Se non o fora, o prazo será de seis meses e contarase, para o solicitante e outros posibles interesados, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso - administrativa.

Para tales efectos o tribunal competente será o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

E en sinal de conformidade coas estipulacións do presente convenio, o asinan ambos os dous comparecentes en triplicado exemplar no lugar e data expresado.

O conselleiro de Política Social

José Manuel Rey Varela

O presidente de SPECIAL OLYMPICS

Eladio Fernández Pérez



ANEXO

1. ACTIVIDADES DEPORTIVAS

- Xogos Autonómicos para Persoas con Discapacidade Intelectual cuxos obxectivos:


- Ofrecer un sistema de competición a tódalas asociacións de persoas con discapacidade intelectual que estiveron a traballar ó longo do ano nas diferentes modalidades deportivas, pero que precisaron un aliciente para o adestramento e a superación diaria.
- Promocionar o deporte base.
- Dar maior relevancia ós deportes minoritarios e ós deportes de probas adaptadas ás persoas.
- Ofrecer unha competición deportiva organizada e de calidade.
- Formar ós técnicos deportivos para ofertar unha calidade á hora de adestrar.
- Amosar á sociedade que tódalas persoas con discapacidade intelectual poden facer actividades deportivas e que cos apoios necesarios poden participar en actividades terapéutico-deportivas.
- Abrir a cidadanía as nosas actividades, integrándose deportistas con e sen discapacidade intelectual nos equipos de todas as disciplinas deportivas.



- Xogos Autonómicos de Deportes Minoritarios.
- Xogos Autonómicos de Fútbol Sala.
- Xogos Autonómicos de Campo a Través.
- Xogos Autonómicos de Natación.
- Xogos Autonómicos de Atletismo.
- Xogos Autonómicos de Baloncesto.

Estes programas poderanse ver enriquecidos incorporando novas disciplinas.

Outras actividades de visibilización a sociedade a través do acceso ó deporte con programas de inclusión na sociedade con participación activa tanto na práctica como participando como espectadores.





2. PROGRAMA DE OCIO E FAMILIAS

A) Campamentos ou Programa de Vacacións

Ofertaranse para os meses de xuño, xullo, agosto e setembro se o elixen as persoas con discapacidade intelectual .

Os campamentos de verán ou Vacacións preséntanse como una alternativa entretida e normalizadora de vacacións para persoas con discapacidade intelectual, co obxectivo xeral da socialización e mellora da calidade de vida a través da diversión e interrelación persoal, tratando de:

- Ofertar distintos programas que se axustasen ás posibilidades dos usuarios buscando a mellor interrelación entre os distintos grupos.
- Formular actividades flexibles en cada programa co fin de adaptarse aos distintos usuarios.
- Coñecer e gozar dos recursos que o entorno ofrece.
- Ofertaranse varias quendas de integración con persoas con e sen discapacidade intelectual.

Estas actividades desenvolveranse en grupos reducidos co fin de que permitan:



- O seguimento de cada usuario ao ver os seus intereses e capacidade de resposta nas distintas actividades.
- Poder matizar qué actividades poderían interesar, ser suprimidas ou incluso para que usuarios sería interesante cambiar de grupo.

A través deste programa intentase dar cabida a todos aqueles solicitantes en situación de maior desvantaxe social, económica, familiar e persoal, coa participación do maior número de asociacións posibles.

O obxectivo primordial é que o usuario goce a través das diferentes actividades de carácter integrador que se desenvolven dentro del mesmo. Tratarase de favorecer as relacións interpersoais entre os asistentes e ao mesmo tempo fomentar a convivencia entre as Asociacións e os Centros de toda a Comunidade Autónoma. A este convenio imputarase a manutención das quendas de campamentos ou vacacións.

B) Concurso tarxetas do Nadal e entrega de premios

Poden participar neste certame todas as persoas con discapacidade intelectual que estean interesadas.





Estableceranse dúas categorías: unha de menores de 20 anos e outra de maiores de 20 anos nas seguintes modalidades:

Modalidade 1. Debuxos en papel ou cartolina.

Modalidade 2. Debuxos realizados con apoios técnicos (informática...) e/ou apoios humanos (en canto á idea, trazados..., débese especificar o tipo de apoio).

Modalidade 3. Debuxos realizados con calquera tipo de material alternativo (papel reciclado, adornos...)

c) Actos de Recoñecemento a labor solidaria

Actividades de promoción e fortalecemento do voluntariado como un dos puntos fortes do movemento asociativo a través dos actos de recoñecemento da labor das persoas ou institucións que contribúen a visibilización das persoas con discapacidade intelectual e mellorar a súa calidade de vida.

3. ACTIVIDADES DE FORMACIÓN E CULTURAIS

A) Foros ou xornadas de voluntariado, técnicos, persoas con discapacidade intelectual....

Xornadas nas que participan conxuntamente os voluntarios técnicos e persoas con discapacidade intelectual onde cos seus contidos se intentan implantar é fomentar a filosofía de Special Olympics entre as persoas que participarán no noso programa de actividades.

Os contidos neste ámbito serán informar sobre:



-a lectura fácil para as persoas con discapacidade intelectual.

-o deporte unificado.

-Realizar dinámicas de grupo e outros de interese para a conservación e consecución dos programas de Special Olympics, como informar de dereitos, satisfacción nas actividades, cambios a realizar, ...

B) Grupos de artes escénicas

Apoio a representación de Grupos de artes escénicas das entidades en toda a Comunidade Autónoma Galega.





XUNTA DE GALICIA

Motivar a realización dunha mostra Galega de Teatro de Compañías con persoas con e sen discapacidade intelectual.

Actividade moi beneficiosa polo traballo de memoria e actividade mental, recomendada en procesos de envellecemento activo.

ACTIVIDADES ORIENTADAS Á FAMILIA

Estas accións son transversais a todos os programas xa que son unha participación tanto directa como indirecta nas actividades.

Búscase que as familias teñan un momento onde os seus familiares con discapacidade intelectual poidan disfrutar conxuntamente dunha forma segura, normalizada e inclusiva.

Se potencia a participación dos propios familiares os acompañan vendo como poden disfrutar das diferentes actividades que lle ofrece esta entidade.

Obxectivos:

- Crear un lugar de encontro familiar onde se favoreza un clima de relación e comunicación.
- Ofrecer actividades nas que exista una combinación na cal a idade non limite o grado de satisfacción dos participantes.
- Disfrutar dos beneficios que as actividades deportivas e de ocio proporcionan ós seus familiares.



SPECIAL OLYMPICS GALICIA GALICIA tamén poderá realizar de xeito extraordinario actividades de intercambio con outras comunidades autónomas, nos seus programas coa finalidade de inclusión social convivencia e enriquecemento de unhas comunidades con outras sen incidencia orzamentaria.

